



SELLO QVARTO, QVAREN
TA MARAVELES, AÑO DE
MIL SETECIENTOS NOVEN
TA Y NVEVE.

"Ningún documento es inocente. Debe ser juzgado.
Todo documento es un monumento
que hay que saber desestructurar y desmontar"

Jaqués Le Goff.
Histoire et Memoire.

[Faint handwritten text in Spanish, likely a legal or administrative document. The text is mostly illegible due to fading and bleed-through.]



SEDEOVI CARTO, DIEZ MAR...
DIS, RPO DE MIL...
V... R... T...

O papel selado do Arquivo (séculos XVII-XIX)

[Handwritten text in Spanish, likely a legal or administrative document. The text is mostly illegible due to fading and bleed-through.]

Documento do mes
Xullo - Agosto 2024

Un bo número dos documentos históricos do Arquivo teñen que ver co feito de levantar unha acta ou elevar un contrato a documento público. Afortunadamente, desde o século XVII, eses documentos públicos e privados enriquecéense, encabezados con atractivas iconas visuais. Xa que España introduce no mundo o papel selado por primeira vez, a partir da Real Pragmática do 15 de decembro do 1636. A continuación, os selos e timbres copiaranse no resto dos países. Joaquín Amado opina que ten un innegable carácter autenticador, á vez que recadatorio, posto que a estabilidade dos textos é o pretexto tras o que esconder as necesidades do Tesouro. (Ver Selo Felipe IV [1659 \(Vega\)](#)).

Desde ese territorio dos pregos de papel, é posible definir ámbitos de poder, mensaxes de autenticidade que persuaden por medio da linguaxe visual. Despregan un sistema de comunicación mediante símbolos, deseñados e estruturados intencionadamente para influír en cada contexto e xerar unha resposta no receptor, ao transmitir o poder do outorgante e a súa representación. (Ver Selo Felipe IV [1654](#), Carlos III [1775 \(Lemos\)](#)).

Por iso ningún cambio iconográfico nas formas visuais do papel selado é inocente, segundo Romero Tallafigo. Brasóns, alegorías e bustos transmiten unha mensaxe política. Os signos das marcas do papel adáptanse ao transcurso da historia, do absolutismo ao constitucionalismo, da monarquía á república, da ditadura á democracia. Tanto a complexa heráldica do Antigo Réxime como as sinxelas alegorías do Novo son estratexias de comunicación simbólica da autoridade. (Ver Selo Felipe IV [1644](#), Carlos III [1676 \(Lemos\)](#); Actas Fernando VII [1822](#), I República [1874](#)).

Con todo, ademais da función emblemática de representación do poder a través dos seus símbolos e de autenticidade “sigilar”, a riqueza do papel selado é capaz de abarcar un amplo compendio de funcións. Natalia Pérez-Aínsua, fai fincapé na fiscal, a iconolóxica e a histórica. É dicir, a través do papel timbrado ou selado podemos ver os diferentes cambios políticos, económicos e artísticos. É máis, para Joaquín Amado, á vez que dá testemuño das convulsións políticas, facendísticas, financeiras ou monetarias, mostra o progresivo desenvolvemento das artes gráficas sobre o membrete impreso, desde a tipografía rudimentaria ata as modernas técnicas de litografía, calcografía ou o offset.

Nos séculos XVII e XVIII, as armas reais son a imaxe predominante no papel selado, xunto coa clase, prezo e ano de uso legal. Ao principio desde o ano 1636 ata o 1701, na época dos últimos Austrias, o Rey personifícase coas armas dos seus territorios, rodeadas de gran variedade de orlas decorativas. (Ver Selo Felipe IV [1658 \(Lemos\)](#), Carlos IV [1799 \(Vega\)](#)).

A partir do 1702, cos Borbóns, ponse fin á heteroxeneidade de formas das orlas. O modelo imposto por Felipe V perdura ata o Trienio Constitucional. Unifícase a parte gráfica do selo, en forma circular, igual que as moedas. Adquire forza o poder absoluto do Rey, expresado en latín. (Ver Selo Felipe V [1726 \(Vega\)](#); Fernando VI [1752](#), Carlos III [1786 \(Martelo\)](#), Carlos IV [1792 \(Vega\)](#)).

Ata o século XIX, as armas son o elemento con maior impacto visual, pola forma das armerías, evolución dos escudos ou a diversidade das orlas. A parte textual, á dereita do que observa, incíase cunha cruz grega de diversos tipos. Debaxo, ata o 1818, o valor do prego principalmente en escritura gótica. Más abaixo, en módulo maior, en distintos tipos de escritura, gótica, itálica, romana ou fantástica, pero sempre en maiúsculas, a clase do selo, o prezo e o ano de uso. Cambia todos os anos para evitar as falsificacións. (Ver Selo Carlos III [1666 \(Vega\)](#), Felipe V [1700 \(Lemos\)](#), Carlos IV [1803 \(Deza\)](#)).

A novidade do 1822, na etapa romántica das primeiras actas das novas deputacións provinciais, é que o emblema heráldico ocupa o lugar central predominante na composición do selo. No sistema de impresión, a litografía produce unha imaxe máis limpa e clara. Desaparece a cruz do encabezado. A lenda en latín, adopta o castelán no 1835. O tipo de escritura predominante é a bastarda española. Para maior seguridade, aparece o selo en seco, coa imaxe real de perfil. Este modelo pervive ata o 1843. (Ver Actas Selo Fernando VII [1822](#), Isabel II [1835](#), [1838](#), [1842](#); Fernando VII [1825 \(Lemos\)](#)).

A partir de entón apréciase un cambio radical. A imaxe alegórica adquire maior carga visual que o emblema heráldico. Ante o carácter simbólico das novas virtudes cívicas, as armas reais pasan a segundo plano, relegadas ao selo en seco, por representar valores antigos. Por fin ábrese paso o selo redondo de Isabel II (1843-1864). Joaquín Amado estúdao ao detalle. Popular pola seu singular deseño, a súa simplificación estética e tipográfica, constitúe unha dos sinais máis característicos da timbroloxía española do século XIX. (Ver Actas Selo Isabel II [1837](#), [1840](#), [1845](#)).

En homenaxe á nova raíña, adquiren todo o protagonismo visual unha gran variedade formal e cromática de alegorías e divindades da mitoloxía grega e romana, que encarnan as novas ideoloxías. Figuras femininas de deusas mitolóxicas como Ceres ou Atenea a modo de camafeas, que no 1854 abandonan a impresión en negro e inician unha intensa etapa colorista. A clase, o prezo e o ano introdúcense na lenda. Desde o 1865, o selo en tinta adquire forma rectangular e un cambio tecnolóxico inflúe a súa nova fisonomía. A matriz de metal incorpora un oco para o selo en seco, dentro da mesma composición do selo en tinta, continuando co amplo repertorio de imaxes mitolóxicas e protectoras. No 1870, tras a Revolución Gloriosa, como imaxe visible do selo en tinta escóllese á matrona Hispania, acompañada de símbolos, como a coroa mural republicana, a rama de oliveira e un león aos seus pés. O espello é o espazo reservado para o escudo nacional en seco. Desde o 1871 inclúese un novo elemento de seguridade, a numeración correlativa. (Ver Actas Selo Isabel II [1849](#), [1861](#), [1862](#), [1863](#), [1866](#), [1867](#), [1868](#), Amadeo I [1871](#), [1872](#)).

Agora ben, en séculos convulsos como o XIX, os cambios revolucionarios de réxime, de absolutista a constitucional, que son moitos, poden salvarse nun primeiro momento con expresións de habilitación do papel da época anterior. Así, cando Fernando VII pon fin ao Trienio Liberal, apenas estreadas as deputacións, desaparece a palabra “Constitución”. Aínda que, tan só un par de décadas máis tarde, resulta positivo comprobar que a ausencia da referencia á Constitución na timbroloxía responde a que finalmente se impuxo no imaxinario social. Despois, cando Isabel II é destronada, sobre o busto da Raíña estámpanse un selo que di “Habilitado pola Nación”. (Ver Selo Fernando VII [1826 \(Martelo\)](#), Isabel II [1834 \(Deza\)](#); Actas [1849](#), Goberno Provisional [1869](#)).

De feito, as formas visuais do papel selado son un microcosmos capaz de presenciar todo tipo de cambios. O seu poder visual constitúe unha ferramenta máis para contribuír ao coñecemento da historia. Non en balde, a partir do 1637, España imprimiu no imaxinario colectivo a representación da autoridade do Estado a través dos seus símbolos. Dende entón e ata hoxe, emite anualmente selos, con diferentes deseños, valores, cores ou sobrecargas. Configuran unha secuencia de imaxes icónicas proxectadas en tinta, capaces de evolucionar e de deixar a pegada do curso dos acontecementos históricos nos documentos do arquivo. (Ver Selo Felipe IV [1657](#), Carlos IV [1794 \(Vega\)](#); Acta Isabel II [1864](#), I República [1873 \(Deza\)](#)).

Bibliografía empregada

Textos e dirección de arte: Carmen Molina. Asistente de edición e maquetación: Yolanda Carro. Búsqueda documental: Begoña Rodríguez. Documentos: FP-2, H-46, 50, 51, 55, 56, 57. Actas: 1822, 1835, 1838, 1842, 1849, 1861, 1862, 1863, 1866, 1867, 1868, 1871, 1872, 1874.



SELLO QVARTO. QUAREN
TA MARAVELLS, AÑO DE
MIL SETECIENTOS NOVEN
TA Y NVEVE.

“Ningún documento es inocente. Debe ser juzgado.
Todo documento es un monumento
que hay que saber desestructurar y desmontar”

Jaques Le Goff.
Histoire et Memoire.

[Faint handwritten text in Spanish, likely a legal or administrative document from the late 17th century.]



Diez maravedís

SEDEOVI CARTO, DIEZ MAR AVE
DIS, AÑO DE MIL SEISCIENTOS
Y QUARENTA Y CINCO.

[Handwritten text in Spanish, likely a legal or administrative document from the late 17th century.]

El papel sellado del Archivo (siglos XVII-XIX)

Documento del mes
Julio - Agosto 2024

Un buen número de los documentos históricos del Archivo tienen que ver con el hecho de levantar un acta o elevar un contrato a documento público. Por fortuna, desde el siglo XVII, esos documentos públicos y privados se enriquecen, encabezados con atractivos iconos visuales. Ya que España introduce en el mundo el papel sellado por primera vez, a partir de la Real Pragmática de 15 de diciembre de 1636. A continuación, los sellos y timbres se irán copiando en el resto de los países. Joaquín Amado opina que tienen un innegable carácter autenticador, a la par que recaudatorio, pues la estabilidad de los textos es el pretexto tras el que esconder las necesidades del Tesoro. (Ver Sello Felipe IV [1659 \(Vega\)](#)).

Desde ese territorio de los pliegos de papel, es posible definir ámbitos de poder, mensajes de autenticidad que persuaden por medio del lenguaje visual. Despliegan un sistema de comunicación mediante símbolos, diseñados y estructurados intencionadamente para influir en cada contexto y generar una respuesta en el receptor, al transmitir el poder del otorgante y su representación. (Ver Sello Felipe IV [1654](#), Carlos III [1775 \(Lemos\)](#)).

Por eso ningún cambio iconográfico en las formas visuales del papel sellado es inocente, según Romero Tallafigo. Blasones, alegorías y bustos transmiten un mensaje político. Los signos de las marcas del papel se adaptan al transcurso de la historia, del absolutismo al constitucionalismo, de la monarquía a la república, de la dictadura a la democracia. Tanto la compleja heráldica del Antiguo Régimen como las sencillas alegorías del Nuevo son estrategias de comunicación simbólica de la autoridad. (Ver Sello Felipe IV [1644](#), Carlos III [1676 \(Lemos\)](#); Actas Fernando VII [1822](#), I República [1874](#)).

No obstante, además de la función emblemática de representación del poder a través de sus símbolos y de autenticidad sigilar, la riqueza del papel sellado es capaz de abarcar un amplio compendio de funciones. Natalia Pérez-Aínsua, hace hincapié en la fiscal, la iconológica y la histórica. Es decir, a través del papel timbrado o sellado podemos ver los diferentes cambios políticos, económicos y artísticos. Es más, para Joaquín Amado, al tiempo que da testimonio de las convulsiones políticas, hacendísticas, financieras o monetarias, muestra el progresivo desarrollo de las artes gráficas sobre el membrete impreso, desde la tipografía rudimentaria hasta las modernas técnicas de litografía, calcografía o el offset.

En los siglos XVII y XVIII, las armas reales son la imagen predominante en el papel sellado, junto con la clase, precio y año de uso legal. Al principio desde 1636 hasta 1701, en la época de los últimos Austrias, el Rey se personifica con las armas de sus territorios, rodeadas de gran variedad de orlas decorativas. (Ver Sello Felipe IV [1658 \(Lemos\)](#); Carlos IV [1799 \(Vega\)](#)).

A partir de 1702, con los Borbones, se pone fin a la heterogeneidad de formas de las orlas. El modelo impuesto por Felipe V perdura hasta el Trienio Constitucional. Se unifica la parte gráfica del sello, en forma circular, igual que las monedas. Adquiere fuerza el poder absoluto del Rey, expresado en latín. (Ver Sello Felipe V [1726 \(Vega\)](#), Fernando VI [1752](#), Carlos III [1786 \(Martelo\)](#), Carlos IV [1792 \(Vega\)](#)).

Hasta el siglo XIX, las armas son el elemento con mayor impacto visual, por la forma de las armerías, evolución de los escudos o la diversidad de las orlas. La parte textual, a la derecha del que observa, se inicia con una cruz griega de diversos tipos. Debajo, hasta 1818, el valor del pliego principalmente en escritura gótica. Más abajo, en módulo mayor, en distintos tipos de escritura, gótica, itálica, romana o fantasía, pero siempre en mayúsculas, la clase del sello, el precio y el año de uso. Cambia todos los años para evitar las falsificaciones. (Ver Sello Carlos III [1666 \(Vega\)](#), Felipe V [1700 \(Lemos\)](#), Carlos IV [1803 \(Deza\)](#)).

La novedad de 1822, en la etapa romántica de las primeras actas de las nuevas diputaciones provinciales, es que el emblema heráldico ocupa el lugar central predominante en la composición del sello. En el sistema de impresión, la litografía produce una imagen más limpia y clara. Desaparece la cruz del encabezado. La leyenda en latín adopta el castellano en 1835. El tipo de escritura predominante es la bastarda española. Para mayor seguridad, aparece el sello en seco, con la imagen real de perfil. Este modelo pervive hasta 1843. (Ver Actas Sello Fernando VII [1822](#), Isabel II [1835](#), [1838](#), [1842](#), Fernando VII [1825 \(Lemos\)](#)).

A partir de entonces se aprecia un cambio radical. La imagen alegórica adquiere mayor carga visual que el emblema heráldico. Ante el carácter simbólico de las nuevas virtudes cívicas, las armas reales pasan a segundo plano, relegadas al sello en seco, por representar valores antiguos. Por fin se abre paso el sello redondo de Isabel II (1843-1864). Joaquín Amado lo estudia al detalle. Popular por su singular diseño, su simplificación estética y tipográfica, constituye una de las improntas más características de la timbrología española del siglo XIX. (Ver Actas Sello Isabel II [1837](#), [1840](#), [1845](#)).

En homenaje a la joven reina, adquieren todo el protagonismo visual una gran variedad formal y cromática de alegorías y divinidades de la mitología griega y romana, que encarnan las nuevas ideologías. Figuras femeninas de diosas mitológicas como Ceres o Atenea a modo de camafeos, que en 1854 abandonan la impresión en negro e inician una intensa etapa colorista. La clase, el precio y el año se introducen en la leyenda. Desde 1865, el sello en tinta adquiere forma rectangular y un cambio tecnológico influye en su nueva fisonomía. La matriz de metal incorpora un hueco para el sello en seco, dentro de la misma composición del sello en tinta, continuando con el amplio repertorio de imágenes mitológicas y protectoras. En 1870, tras la Revolución Gloriosa, como imagen visible del sello en tinta se escoge a la matrona Hispania, acompañada de símbolos, como la corona mural republicana, la rama de olivo y un león a sus pies. El espejo es el espacio reservado para el escudo nacional en seco. Desde 1871 se incluye un nuevo elemento de seguridad, la numeración correlativa. (Ver Actas Sello Isabel I [1849](#), [1861](#), [1862](#), [1863](#), [1866](#), [1867](#), [1868](#), Amadeo I [1871](#), [1872](#)).

Ahora bien, en siglos convulsos como el XIX, los cambios revolucionarios de régimen, de absolutista a constitucional, que son muchos, pueden salvarse en un primer momento con expresiones de habilitación del papel de la época anterior. Así, cuando Fernando VII pone fin al Trienio Liberal, apenas estrenadas las diputaciones, desaparece la palabra "Constitución". Aunque, tan sólo un par de décadas más tarde, resulta positivo comprobar que la ausencia de la referencia a la Constitución en la timbrología responde a que finalmente se ha impuesto en el imaginario social. Después, cuando Isabel II es destronada, sobre el busto de la Reina se estampa un sello que dice "Habilitado por la Nación". (Ver Sello Fernando VII [1826 \(Martelo\)](#), Isabel II [1834 \(Deza\)](#); Actas [1849](#), Gobierno Provisional [1869](#)).

En efecto, las formas visuales del papel sellado son un microcosmos capaz de testimoniar todo tipo de cambios. Su poder visual constituye otra herramienta más que aportar en el conocimiento de la historia. No en vano, a partir de 1637, España imprime en el imaginario colectivo la representación de la autoridad del Estado a través de sus símbolos. Desde entonces hasta hoy emite anualmente sellos, con diferentes diseños, valores, colores o sobrecargas. Configuran una secuencia de imágenes icónicas proyectadas en tinta, capaces de evolucionar y dejar la huella del curso de los acontecimientos históricos sobre los documentos del archivo. (Ver Sello Felipe IV [1657](#), Carlos IV [1794 \(Vega\)](#); Acta Isabel II [1864](#); I República [1873 \(Deza\)](#)).

Bibliografía empleada

Textos y dirección de arte: Carmen Molina. Asistente de edición y maquetación: Yolanda Carro. Búsqueda documental: Begoña Rodríguez. Documentos: FP-2, H-46, 50, 51, 55, 56, 57. Actas: 1822, 1835, 1838, 1842, 1849, 1861, 1862, 1863, 1866, 1867, 1868, 1871, 1872, 1874.